

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO DE ALTA TECNOLOXÍA PARA A FEDERACIÓN E AS SÚAS ENTIDADES MEMBRO, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA, NEXTGENERATIONEU, NO EJERCICIO 2026

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

Autismo Galicia, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións co número 2003/000095-2ª, tendo por finalidade mellorar a calidade de vida das persoas con trastornos do espectro autista (en adiante TEA) e a das súas familias, con actuacións baseadas na transparencia informativa, solidariedade entre os seus membros, igualdade e democracia.

A entidade, declarada de utilidade pública, figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais có número E-948.

O Consello Europeo aprobou o 21 de xullo de 2020 a creación do programa NextGenerationEU, como instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo coronavirus.

O 10 de novembro de 2020, o Parlamento Europeo e o Consello alcanzaron o acordo sobre o paquete de medidas que inclúe os fondos de NextGenerationEU e o Marco Financeiro Plurianual 2021-2027, creándose o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, como instrumento de apoio aos Estados membros a través de transferencias directas e préstamos para incrementar os investimentos públicos e acometer reformas para paliar os devastadores danos producidos pola COVID-19.

O Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, sinala que os Estados membros elaborarán plans de recuperación e resiliencia nacionais para acollerse a este e alcanzar os obxectivos establecidos e presentárase formalmente polos Estados, como moi tarde o 30 de abril de 2021.

En virtude da Resolución da Subsecretaría de Asuntos Económicos e Transformación Dixital do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital do 29 de abril de



2021, publícase o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que define as estratexias a seguir no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación (*Boletín Oficial del Estado* número 103, do 30 de abril de 2021).

Este convenio encádrase no marco do Mecanismo de recuperación e resiliencia, dentro do eixe/compoñente 22: economía dos cidadáns e reforzo das políticas de Igualdade e inclusión social, medida/investimento I1: Plan de apoios e coidados de longa duración: desinstitucionalización, equipamentos e tecnoloxía, submedida: transformación da rede de coidados de longa duración a través da construción, adquisición, reforma e modernización de equipamentos, do Plan estatal de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU, e no cumprimento da normativa autonómica, estatal e da Unión Europea que regula este tipo de investimentos, e quedan suxeitas, en todo caso, ao cumprimento, execución e realización dos obxectivos do referido plan. Encádrase no proxecto nº6 "Proxectos de innovación dos servizos sociais"- Subproyecto del Objetivo 325 da Comunidade Autónoma de Galicia".

O obxecto do presente convenio é a colaboración por parte da Consellería de Política Social e Igualdade coa Federación Autismo Galicia a través da concesión directa dunha subvención para a adquisición e modernización de equipamento tecnolóxico axeitado aos diferentes ámbitos de intervención, é así mellorar a calidade de vida das persoas con trastorno do espectro autista atendidas polas entidades membro da Federación.

Os obxectivos específicos son :

- Renovar o parque de equipos informáticos do persoal técnico e de apoio, garantindo a eficiencia e seguridade dos sistemas de xestión.
- Dotar os centros de sistemas de comunicación audiovisual que faciliten a coordinación interna e a relación con familias e administracións.
- Incorporar tecnoloxía de apoio á intervención educativa e terapéutica directa con persoas con TEA.
- Reforzar a seguridade das instalacións residenciais e de día mediante sistemas de videovixilancia e control de accesos actualizados.
- Adecuar os recursos de atención física nos centros residenciais para persoas con TEA con necesidades de soporte intensivo.

Considéranse actuación subvencionables o gastos derivados da execución do investimento consistente na adquisición de equipamento tecnolóxico. O proxecto artículase en cinco liñas de actuación que responden ás necesidades identificadas polas entidades membro de acordo co recollido na memoria económica.

En concreto, serán subvencionables :

- a) Actualización e mellora dos postos de traballo do persoal técnico e de apoio a través da renovación dos equipos informáticos do persoal técnico, educadores, traballadores/as sociais e persoal administrativo das entidades membro.



- b) Implantación de sistemas de videoconferencia e comunicación institucional: dotación de equipamento para salas de reunións e espazos de formación que permitan realizar sesións de coordinación, formación continuada e reunións en formato híbrido ou telemático. As entidades distribúense polo territorio galego e precisan coordinarse con familias, con outros servizos sociais e coa propia Federación
- c) Equipamento de apoio á intervención educativa e terapéutica con persoas con trastorno do espectro autista a través da dotación de dispositivos para as actividades de intervención directa con persoas con TEA: comunicación aumentativa e alternativa (SAAC/PECS), aprendizaxe visual, estimulación sensorial e acceso a contidos dixitais adaptados.
- d) Mellora da seguridade e control de acceso nos centros residenciais e de día. Dotación de sistemas de videovixilancia actualizados, videoporteiros e manillas dixitais para garantir a seguridade das persoas con TEA en réxime residencial e de centros de día, respectando a normativa vixente de protección de datos.
- e) Adaptación tecnolóxica dos servizos de atención residencial: renovación e incorporación de equipamento de apoio á atención física e de coidados nas residencias e centros de día: camas articuladas eléctricas e grúas elevadoras, esenciais para a atención de persoas con TEA con necesidades de soporte elevado

Para o cumprimento das actuacións previstas deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade alcanzará 300.000,00 € (trescentos mil euros), que serán imputados á aplicación orzamentaria 08.04.312D.781.0, código de proxecto 2022 00125 do orzamento da comunidade autónoma para o exercicio 2026.

As actuacións a subvencionar a través deste convenio, a través deste convenio, recollidas na súa cláusula segunda, adecúanse ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade previsto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, así como o feito de que a Federación Autismo Galicia vai facer unha mellora no equipamento tecnolóxico propio e das súas entidades federadas que supoñen unha mellora na atención ás persoas con trastorno do espectro autista. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións resultando xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en relación ao artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Persoas con Discapacidade

Begoña Abeijón Fernández

